



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 22 DE MARZO DE 2018.**

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e dous de marzo de dous mil dezaioito, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

#### **Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):**

D. Francisco Javier Santos Maseda  
D.<sup>a</sup> María Begoña Calviño Dorado  
D. José Ramón Lorenzo Carou  
D.<sup>a</sup> Patricia María Vázquez Figueroa

#### **Grupo municipal SON de Bergondo-Anova**

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)  
D. Eloy Babío Veiga

#### **Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)**

D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo (voceira)  
D.<sup>a</sup> Alicia María Souto Ramos

#### **Grupo municipal do Partido Popular (PP)**

D. Yago Lage Caramelo (voceiro)  
D. José Angel Vieiro Amor

#### **Concelleira non adscrita:**

D.<sup>a</sup> Antonia María Sanjurjo Seijas

#### **Excusa a súa asistencia:**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro

Foron asistidos pola interventora municipal, D.<sup>a</sup> Laura Gutiérrez Ortiz, e polo secretario, D. Federico Suárez Cancelo.

#### **ORDE DO DÍA:**

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2018.
2. CORRECCIÓN DO ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.
3. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.
4. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### 5. ASUNTOS URXENTES.

### 6. ROGOS E PREGUNTAS.

#### 1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2018.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión do día 22 de febreiro de 2018, través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa pregúntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular a dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a acta da sesión ordinaria do día 22 de febreiro de 2018, por unanimidade de votos a favor (doce), apróbase a referida acta.

#### 2. CORRECCIÓN DO ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + 2018. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 19 de marzo de 2018, que transcrita literalmente di:

“Vista a circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2018 do 03.10.2017, e as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm. 188 do 03.10.2017, na que comunícase a asignación do POS+ 2018 ao Concello de Bergondo por un importe total de 599.478,76 euros.

Vistos os requirimentos efectuados pola Deputación Provincial, a través da plataforma Subtel o 05.02.2018, debendo procederse á corrección das distintas deficiencias detectadas nos proxectos. Emendados estes, e dado que afecta ao importe total dos dous investimentos previstos, procede someter o acordo de corrección ao Pleno do Concello.

Propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción da seguinte proposta de ACORDO:

**PRIMEIRO.** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:

##### A) Financiamento do pago a provedores:

Deputación

Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores 0

Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores 0

Subtotal pago a provedores 0



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación

Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018 209.028,78 €

Subtotal gasto corrente 209.028,78 €

### C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2017

(Investimentos "financeiramente sostibles")

Financiamento do investimento

Denominación da obra ou subministración Deputación Concello Orzamento

Modificado Mellora de camiños con aglomerado asfáltico

nas parroquias de Moruxo, Ouces, Bergondo e Guísamo

205.084,84 € 102.644,29 € 307.729,13 €

Subtotal investimentos achega provincial 2017 205.084,84 € 102.644,29 307.729,13

Ratificar a Resolución da alcaldía-presidencia núm. 171/2018, do 19 de febreiro, de aprobación do proxecto modificado da obra incluída no POS+ 2018 que se relaciona nesta táboa.

### G) Resumo:

**SUBTOTALS Deputación Concello Total**

**A- PAGO A PROVEDORES**

Achega 2017 0 0 0

Achega 2018 0 0 0

**B- GASTOS CORRENTES Achega 2018 209.028,78 € 55.971,22 € 265.000,00 €**

**C- INVESTIMENTOS**

Achega 2018 0 0 0

Achega 2017 205.084,84 € 102.644,29 € 307.729,13 €

Préstamo 2018 0 0 0

**D- HONORARIOS REDACCIÓN Achega 2018 0 0 0**

**E- ACHEGAS MUNICIPAIS**

Achega 2018 0 0 0

Achega 2017 0 0 0

**F- REDUCCIÓN DÉBEDA Préstamo 2018 0 0 0**

**T O T A L**

Achega 2018

Achega 2017

Préstamo 2018 0 0 0

**TOTAL 414.113,62 € 158.615,51 € 572.729,13 €**

**SEGUNDO.** Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e ratificar a Resolución da alcaldía-presidencia núm. 196/2018, do 27 de febreiro, de aprobación deste proxecto:

**Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles"**

(mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)

**Grupo de**

**programa Orzamento**

Modificado 2.º Mellora e asfaltado de camiños mediante regas e aglomerado asfáltico nas parroquias de Ouces, Lubre, Babío, Bergondo e Vixoi 454

**191.493,10 €**

**Totais 191.493,10 €**

**TERCEIRO.** Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten o resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**CUARTO.-** Declarar que o concello incluíu no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

**QUINTO.** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**SEXTO.** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

**SÉTIMO.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**OITAVO.** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**NOVENO.** Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña, para os efectos oportunos.

Bergondo, 14 de marzo de 2018 A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez."

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: pois unha vez que os proxectos foron supervisados pola oficina técnica da Deputación enviáronse os requirimentos, como se di na proposta se nos pedían unha serie de subsanacións basicamente de contido técnico; como xa dixeran o outro día os proxectos son os mesmos, non cambian no propio investimento, non cambian tampouco nos asfaltados, nos camiños, en nada en absoluto, senón que xa digo, son partidas nas que se nos pedía nalgún caso unha maior concreción.

De feito varían de ser antes un proxecto de trescentos vinte mil euros, agora é de trescentos sete mil e o complementario adicional de douscentos mil dez, pasa a ser de cento noventa e un, por iso é polo que temos que traer o total do acordo en canto á distribución de todos os fondos que se perciben do Pos+.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: este punto está aprobado o dezanove de decembro cos votos a favor de PSOE mais Anova, trátase como vostede dixo de corrixir erros técnicos, e en consecuencia aprobalo definitivamente; pois o meu voto vai ser exactamente o mesmo que emitin o dezanove de decembro, os erros técnicos estou de acordo que haberá que subsanalos e a conseguinte mínima variación económica que isto conleva, pero isto non vai cambiar a miña percepción do POS; si aos proxectos, non ao importe destinado a gasto corrente, co cal o meu voto vai ser abstención.

Sr. voceiro do PP: nós entendemos que é unha cuestión técnica e ímonos a abster.

Sra. voceira de VB: a redución parece ser de cerca de doce mil euros, diferenza entre o que tiñamos e o que agora queda presupuestado, aproximadamente?

Sra. alcaldesa: algo mais, porqué no proxecto principal..., de trescentos sete a trescentos vinte, pois si, mais ou menos....

Sra. voceira: e oito mil cincocentos no complementario. Pois nada mais, voto abstención.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor e cinco (5) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por **maioría de votos a favor**, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

### 3. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa do día 19 de marzo, que transcrita literalmente di:

“Visto o documento completo da Relación de Postos de Traballo presentado pola empresa adxudicataria do servizo, que comprende unha análise da actual situación dos recursos humanos do Concello de Bergondo, unha fixación das necesidades organizativas municipais, coa configuración dunha estrutura organizativa administrativa que persegue unha maior seguridade xurídica, racionalización dos recursos, ordenación dos mesmos, sempre coa finalidade de acadar e garantir o mellor xeito de satisfacer as necesidades municipais e prestacións dos servizos públicos.

Visto que se contempla tamén, como esixe reiterada xurisprudencia, unha valoración global e pormenorizada de todos os postos de traballo do Concello de Bergondo, carente anteriormente de tal valoración, e que inclúe a creación de tres novos postos de traballo - o posto de Tesoureiro/a, reservado a funcionario con habilitación de carácter nacional, de creación obrigatoria consonte coa disposición transitoria sétima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración; e dous novos postos que se crean - auxiliar de arquivo e informático - con base nos novos retos e competencias que o lexislador impón nas Leis 39/2015 e 40/2015, que suporán un cambio radical na nosa administración e que debemos de estar en condicións de prestar aos cidadáns.

Considerando que o citado documento aprobado por unanimidade na Mesa Xeral de Negociación en xuntanza mantida o día 07/11/2017 informado desfavorablemente por secretaría e intervención, constando informe favorable do responsable da elaboración da RPT foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de 30/11/2017 e exposto ao público por prazo de 20 días hábiles a contar desde a publicación do anuncio no BOP nº 235 do 13/12/2017.

Vistas as alegacións presentadas a aprobación inicial, e visto o informe sobre as citadas alegacións realizado con data de 9 de marzo de 2018 por D. Javier Ferreira Fernández responsable da elaboración da RPT acompañando a proposta definitiva de Relación de Postos de Traballo para a súa aprobación definitiva polo Pleno do Concello.

Visto que con fecha de 14 de marzo de 2018 as alegación así como o informe das mesmas foi sometido á Mesa Xeral de Negociación quen tomou conta das citadas alegacións e do informado sobre as mesmas polo responsable da elaboración da RPT.

Visto o informe emitido con fecha de 14 de marzo de 2018, polo Secretario e a Interventora da Corporación, que se ratifican no xa informado con fecha de 17 de novembro de 2017, mantendo o sentido desfavorable á aprobación da RPT nos termos plantexados no expediente, pero constando informe favorable do responsable da elaboración da RPT, D. Javier Ferreira Fernández.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Polo exposto, dende esta Alcaldía Proponse que previo ditame da Comisión Informativa polo Pleno do Concello se adopte o seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Desestimar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María José Pan Silva, D<sup>a</sup>. María Begoña Balado Martínez, Rosa María Calviño Calvete, D<sup>a</sup>. Josefina Maestu Almeida, D<sup>a</sup>. Graciela Crespo Naya, D. David García García, D<sup>a</sup>. María Luísa Vázquez Vázquez, D<sup>a</sup>. Serezabel Rodríguez Rico, D<sup>a</sup>. Leticia María Rey Novo, D<sup>a</sup>. María Milagros Fariñas Crego, D<sup>a</sup>. Vanessa Barral Fariña, D. Alberto Rilo Nogueira, D. Roberto Manuel Chao Gavilán, D. Sergio Alonso Naya, D. Javier Freire Santiso, D. Antonio Espada Babio, D. José Víctor Otero Rivero, D. José Antonio Esporas Fraguío, D. Antonio Balbís Babio, D. José Antonio Grela Bellón, D. Manuel Sánchez Franco, D<sup>a</sup>. Sandra María Anido Freire e D<sup>a</sup>. Aurelia María Basanta García, en relación co expediente de aprobación da RPT do Concello de Bergondo na forma e polos motivos expresados no informe emitido por A. Javier Ferreira Fernández de data 9 de marzo de 2018, na súa condición de asesor/redactor técnico da RPT do Concello de Bergondo.

**Segundo:** Estimar parcialmente as alegacións presentadas por D. Oscar Cendón García, D. José Pérez Louro, D<sup>a</sup>. Yolanda Fandiño García e D. Agustín Rodríguez Saavedra, na forma e polos motivos expresados no informe emitido por A. Javier Ferreira Fernández de data 9 de marzo de 2018, na súa condición de asesor/redactor técnico da RPT do Concello de Bergondo.

**Tercero:** Desestimar as alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. Maria Amparo Inglesias Puente na forma e polos motivos expresados no informe emitido por A. Javier Ferreira Fernández de data 9 de marzo de 2018, na súa condición de asesor/redactor técnico da RPT do Concello de Bergondo; non obstante o anterior, e á vista da esixencias legais e do sinalado no citado informe, modificar un posto de traballador/a social no sentido de incorporar na súa ficha descritiva as funcións relativas á coordinación dos servizos sociais e, en consecuencia, revisar a valoración dos factores de puntuación, quedando a mesma cunha puntuación total de 500 puntos no complemento específico e de 700 puntos no complemento de destino.

**Cuarto:** Aprobar definitivamente a RPT do Concello de Bergondo, coas modificacións derivadas das alegacións estimadas segundo se sinala nos dous puntos anteriores.

**Quinto:** De conformidade co previsto no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, unha vez aprobada definitivamente a presente RPT do Concello de Bergondo, remítase copia da mesma aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado, así como da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo de trinta días. Asemade, procédase a publicar a aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

**Sexto:** Notificar o anterior acordo ás persoas interesadas.

E esta é a miña proposta sen prexuízo de que o Pleno da Corporación acordará o que considere necesario.

Bergondo a 14 de marzo de 2018. A Alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez."

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: unha vez que se presentaron alegacións á aprobación inicial que se fixera neste pleno, encargouse que se fixeran a análise desas alegacións que comentaba o outro día, totalmente lícitas por parte dos traballadores e das traballadoras do concello, e basicamente fundamentadas nunha maior obtención de puntos en cada unha das categorías, e valorando cada un deles o que consideraba que podería ser susceptible de incrementos.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Unha vez visto o informe, a proposta, e unha vez reunidos en Mesa de negociación como aí se di, o pasado día catorce, a Mesa tamén acordou elevar o antes posible esta proposta definitiva de RPT para que se comece a aplicar.

Como comentaba o outro día, unha vez que isto se faga se hoxe queda aprobada definitivamente, aínda procede a adscrición a cada un dos postos de traballo, e despois no pleno seguinte tería que vir a modificación da plantilla de persoal, cuestións estas que tamén se comentaron na Mesa de negociación, e das que están enteradas as representacións sindicais e os traballadores.

Así que se con a estimación parcial das alegacións, neste caso do Corpo da Policía e da coordinación de Servizos Sociais, aproximadamente o incremento sería de oito mil euros con respecto á aprobación que fixemos no seu día, na aprobación inicial.

E como comentabamos tamén na propia Mesa de negociación, e no seu día na aprobación inicial que aquí se fixo no pleno, todo é mellorable, e a Relación de Postos de Traballo é viva, e coas diferentes modificacións legislativas que está habendo, pois seguramente terá que ter modificacións, non me atreve a dicir cando, pero en todo caso modificacións dun traballo xa feito que deberían ser xa moito mais sinxelas, obviamente.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: o trinta de novembro o PSOE mais Anova, e cun demoledor desfavorable, negativo, informe de Secretaría e Intervención, fixeron a aprobación inicial da RPT a pesar de conter erros de redacción, erros de redacción que eu xa lle dixen no seu día, e que co informe da empresa redactora hoxe parece que van quedar subsanados.

A pesar de que na Mesa de negociación parece que se aprobou por unanimidade, mais do cincuenta por cento do persoal presentou alegacións, isto xa me da que pensar..., pero como o que toca é decidirse e decantarse a favor ou en contra desta proposta, pois eu no seu día votei en contra e a miña postura segue sendo a mesma, toda vez que lle digo que cos informes dos redactores con respecto ás reclamacións o único que fan é corrixir esas diverxencias que había nas fichas.

Entón o meu argumentario non defire para nada do emitido o trinta de novembro, a única variación que temos é o que vostede dixo, un incremento de oito mil euros no custo de persoal para os nosos veciños, e o meu voto vai ser en contra.

Sra. alcaldesa: efectivamente os informes, como xa se di na propia proposta, de Secretaría e de Intervención son negativos porque se ratifican no propio informe inicial, ese informe negativo estaba baseado basicamente no que consideraban que era un aumento xeralizado de todos os traballadores.

E efectivamente hai unha porcentaxe de alegacións elevado, alegacións de traballadores e traballadoras que incluso votaron a favor nas asembleas que se fixeron, a favor da propia aprobación da RPT xa no seu inicio, e aínda así como unha cuestión tamén individual, eu entendo que están en todo o dereito de intentar conquistar algo mais, polo tanto mais que unha alegación a un traballo mal feito, é unha alegación no sentido..., algunhas valorando os seus propios méritos, e aí si que non ten sentido, porque os méritos son os do posto de traballo e teranse que valorar unha vez que se convoquen moitas prazas, non as persoas que ao día de hoxe as están ocupando. E outras porque, xa dixen antes, entendo perfectamente que un que queira aspirar a mais.

Sr. voceiro do PP: a min gustaríame saber se se lle esixiu á empresa redactora algunha explicación polo traballo feito, o digo porque na Memoria, na páxina dezaseis, cito textualmente *a obtención de información básica para a descrición das características do posto de traballo realizaouse mediante a utilización dunha metodoloxía combinada, recorrendo conxuntamente, á observación e estudo dos instrumentos de ordenación e xestión de persoal existentes na actualidade, xunto coa celebración de reunións con responsables políticos, o persoal técnico municipal e a documentación da RPT que non chegou a aprobarse...*; dígoo porque as alegacións o que poñen de manifesto é que a empresa non pasou ningún día en coñecer a estrutura dos recursos humanos do



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

concello, por iso as alegacións falan do grado de descoñecemento dos departamentos, e que non se teñen en conta as funcións reais dos departamentos.

Lamentamos que esta sexa a proposta, que non se acerque moito as alegacións, que o único que piden é un estudo das funcións que desempeñan os traballadores, e polo tanto lamentamos que a RPT non dea unha resposta aos diferentes tipos de relacións laborais existentes no concello.

O noso voto vai ser en contra de que non se aproben as alegacións.

Sra. alcaldesa: o di o propio informe, non se trata de facer unha relación exhaustiva das funcións de cada posto de traballo, e precisamente aí é onde hai esa diferenza; algúns consideran que si ten que haber unha relación case nominal do traballo que se debe facer diariamente, e o que entende a empresa, e nós tamén o entendemos, é que non ten porque ser así.

Sra. voceira de VB: aquí o único informe positivo a favor desta RPT é a da empresa que vostedes contrataron, única empresa ademais, sen que esta parte teña coñecemento de que ao menos pediran presupostos a mais empresas, parece ser que foi a única, como moitas outras cousas.

Xa digo, é o único informe favorable, o dos servizos técnicos do seu concello non o avalan, e evidentemente ten soamente a bendición do seu Partido e do que lle apoia no goberno; neste caso está vostede pretendendo que apoiemos a desestimación destes traballadores aos que non se lles estimaron as súas alegacións; exclusivamente aos membros da policía local aos que si se lle estiman, e como lle dixen na Comisión informativa pois se vostede tiña pensado... o ía admitir estas alegacións no sentido de incrementarlles os salarios nesa contía, entre sete mil e oito mil euros, ben puidera haberse tido en conta no seu día, na propia RPT, e non esperar ás alegacións, a ver se alegan..., a ver se din algo..., se non din quedámonos así; pero mire por onde pois admiten subirlles os salarios nesas contías que acaba de dicir vostede.

Respecto aos empregados aos que se lles desestima, isto non é firme e polo tanto terán dereito a acudir aos tribunais, co cal estaremos ante unha inseguridade, porque non sabemos se os tribunais lles van dar a razón e volverán vostedes a ter que traer esas modificacións aquí, co conseguinte gasto e transcurso do tempo e de prazos, entón xa lle dixemos no seu día na Comisión que íamos votar en contra e o noso voto vai manterse no mesmo sentido.

Sra. alcaldesa: unha vez mais vostedes o que pretenden é que isto sexa unha cuestión na que todo o mundo estea de acordo, e evidentemente non todo o mundo o está porque, repito, todo o mundo ten dereito a pensar que o seu posto de traballo vale aínda mais, incluso, do que no seu momento votou a favor, polo tanto por iso presentan alegacións, é totalmente lexítimo tamén que presente un recurso, e non por iso nós intentamos facer unha RPT, nin o equipo pretende facer unha RPT que contente a todo o mundo, por si acaso nos van presentar un recurso..., o que se ten que facer é algo cun criterio técnico, cun criterio defendible ante calquera contencioso que poida xurdir posterior, e que xa digo unha vez mais, está no seu dereito.

Nós non pensamos que precisamente todo o mundo teña que estar de acordo e que sexa unha cuestión unánime, de feito isto é unha negociación, as negociacións son case sempre feitas por maiorías, e así foi na asemblea na que se reuniron os traballadores, o voto foi por unha ampla maioría, pero houbo traballadores e traballadoras que votaron en contra desa proposta, e aínda así os sindicatos seguiron para adiante, tampouco dixeron non, pois o paramos e volvemos renegociar todo, porque é normal; porque se esperamos a que todo o mundo estea de acordo seguiríamos dous anos mais negociando, e probablemente nin así chegaríamos ao acordo da maioría.

E non porque unha, dúas ou tres persoas poidan presentar un recurso no que están perfectamente lexitimadas e entendo que o poidan presentar, non imos deixar que unha maioría poida beneficiarse disto.

Polo tanto, aparte de apoiar a desestimación das alegacións hoxe o que facemos é presentar a aprobación definitiva, e o que si que se trae na proposta é a aprobación definitiva dunha relación de postos de traballo para que se poida aplicar, e vostedes co seu voto en contra, xa non coa súa abstención, o que están dicindo é que non están a favor desa relación de postos de traballo porque non creen niso, porque tampouco creen na negociación.

Sra. voceira: non son un par de empregados, son vinte e cinco...





## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: vinte e cinco son as alegacións, e agora veremos se se acaban convertendo en vinte e cinco recursos e contenciosos.

Sra. voceira: son vinte e cinco traballadores alegando...

Sra. alcaldesa: alegacións, pero non posteriores, que foi o que dixen eu.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: dende un punto de vista político, podería ter certa lóxica que vostedes como oposición neste caso, traten de minusvalorar o acordo e poñerlle tachas. Agora ben, eu sinceramente e sen querer xulgar o seu voto, porque esa é cuestión que deciden vostedes libre e soberanamente, faltaría mais, creo que cometen un erro político gravísimo, o lóxico sería absterse, pero vostedes verán. Si á aprobación da RPT.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a proposta a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra; concelleira non adscrita: un (1) voto en contra. **Total sete (7) votos a favor e cinco (5) votos en contra.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por **maioría de votos a favor**, o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

#### 4. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 19 de febreiro ata o 16 de marzo de 2018, ámbolos dous incluídos, numerados do 168/2018, ao 224/2018. O Pleno queda enterado.

#### 5. ASUNTOS URXENTES.

**A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.**

A Sra. concelleira non adscrita manifesta que ela ten un asunto urxente que pode ser presentado como unha *moción in voce*, en relación coa Sede Electrónica do concello. Argumenta a urxencia debido a que esta semana os integrantes da oposición foron requiridos para que solicitaran e presentarán a documentación relacionada coa súa representación a través da Sede Electrónica, e o mal funcionamento da mesma.

De conformidade co disposto nos artigos 51 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, debe someterse ao voto do pleno a declaración de urxencia e a procedencia do seu debate; e por unanimidade de votos a favor, - cinco (5) do grupo municipal do Partido Socialista; dous (2)



do grupo municipal do SON de Bergondo-Anova, dous (2) do grupo municipal do PP, dous (2) do grupo municipal de de Veciños de Bergondo, e un (1) da concelleira non adscrita- o pleno aprecia a xustificación da urxencia e a procedencia do debate da moción.

## 5.1.- MOCIÓN DA CONCELEIRA NON ADSCRITA, EN RELACIÓN COA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Seguidamente a Sra. concelleira pasa a expoñer a súa moción: a Sede Electrónica do Concello de Bergondo non funciona, a min non me funciona, ao portavoz do Partido Popular non lle funciona, á portavoz de Veciños de Bergondo non lle funciona, a un montón de poboación non lle funciona; entón esta semana advertíusenos que nós temos que presentar calquera tipo de documentación, chámese *moción*, chámese *rogos e preguntas*, chámese *requirimentos de información*, a través da Sede Electrónica.

En consecuencia, e despois de utilizar todos os buscadores posibles, incluso o que o concello está a suxerirnos, que é o *Mozilla*, a resposta que nos dá, é *el propietario de Sede.Bergondo.es ha configurado su sitio WEB de manera incorrecta, para evitar que la información sea robada Firefox no se ha conectado con el sitio web, Sede.Bergondo.es usa un certificado de seguridad no válido, no se confía en el certificado porque es desconocido, el servidor podría no estar enviando los certificados intermedios apropiados, etcétera, etcétera...*, a pesares de todo e despois de que o *Mozilla* non funciona..., o *Chrome* non funciona..., eu conseguín onte meter un documento que espero estea rexistrado, a min doumo como entrada, pero advertíume que é a última vez, e que mo deixou como absoluta excepción, entón penso que deben falar vostedes cos seus provedores informáticos porque aquí hai un problema.

Que pido eu?. Eu pido:

- Que en tanto non estea resolto o problema, e non sexa posible presentar de maneira adecuada a través da Sede Electrónica, sexa admitida calquera petición como foi ata agora, a través de formato papel no Rexistro.

Sra. alcaldesa: pois vostede mesma o dixo, presentou un documento onte, é certo e o temos dito moitas veces, e nunha xuntanza que tivemos o outro día para explicarlles ás Asociacións as obrigas que tiñan, advertimos de que era complicado, unha cuestión que non depende de nós, unha cuestión imposta por unha Lei que tamén, como vostedes imaxinaran, nós tamén a temos que cumprir.

O meu exemplo foi dicirlles á xente que alí estaba que nós tamén tivemos que configurar os navegadores apropiados para poder presentar toda a documentación cando era obrigatoria na Sede Electrónica da Xunta e cando segue sendo obrigatoria, que moitísimas veces non vai a Plataforma e aínda así unha non pode dicir que como non vai, ou porque nos bota fóra que nos arriscamos a perder unha subvención, e insistimos, iso si, normalmente non deixamos as cousas para o último día, precisamente por iso, porque as cousas poden fallar, e fallan; e claro os que levamos traballando en cuestións electrónicas varios anos, pois é certo que algún agora se ten que poñer as pilas digamos dun xeito apresurado.

Cando hai un fallo xeneralizado das propias Plataformas e acaban prazos concretos, a propia Plataforma ten a obriga tamén..., as Administracións temos en todo caso a obriga de ampliar prazos, de feito poño un exemplo, hai pouco cunha subvención da Xunta, onde debido a todos estes cambios tiveron que ampliar os prazos para que os concellos non perderamos a oportunidade de presentar unha subvención, e así se nos advertiu.

E outras veces, cando hai unha saturación, presentar as cousas a distintas horas do día, e dígoo porque o teño feito por experiencia persoal.

Que a Sede electrónica municipal dá algún problema? xa non é a municipal senón que é a que nos engloba a todos, si; que debe ser mellorada? si; que lle estamos demandando continuamente melloras? tamén, pero o que vostede propón que mentres se admita o papel, non llo podemos admitir porque a Lei non llo permite, polo tanto o que podemos é aplicar a Lei, e simplemente aconsellar que non se deixen as cousas para o último día.

E se no caso de que houbera fallo xeneralizado, entón ante unha imposibilidade material, pois entón si que se tería que admitir o papel, pero como último recurso.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. concelleira: pois mire, vostede está dicindo deixalo para última hora; eu paseime dende o luns ata o día de hoxe, ou ata o día de onte, a todas as horas, pola mañá, ao mediodía, pola tarde, pola noite, cun experto informático, con dous ordenadores, con clave, con dni electrónico, con todo o que se lle pode ocorrer. Levo manexando expediente electrónico dende hai mais de dez anos, non son unha experta informática pero sei bastante mais que a maioría de determinados temas, entón non me diga vostede que isto funciona, porque entón todas as alegacións que lle presentaron os seus empregados, porque a presentaron por papel e por ventanilla, porque non o fan a través da Sede electrónica tamén, ou é que non lle funciona ou non saben manexala ou que pasa?

Entón, vostede mesma, se o quere mirar o mira, se non o quere mirar non o mira....

Sra. alcaldesa: se eu estou de acordo con vostede en que hai que pedir melloras, encontrámonos con problemas continuamente, incluso con quen ten que presentar proxectos de bastante volume, entón aí é realmente cando hai problemas importantes, pero todos os días están entrando documentos a través da Sede electrónica.

Sra. concelleira: eu estoulle falando de que este concello ten un problema...

Sra. alcaldesa: non é este concello...

Sra. concelleira: eu creo que ten un problema mais serio por ese lle dixeran que fale cos seus provedores informáticos.

Eu hai un mes ou dous pedín un certificado de empadramento, de forma manual, polo sistema electrónico, era un certificado colectivo, na miña casa vivía solo eu, preocupeime porque iso non é o que ocorre, entón vin a velo e ao entrar nos rexistros na miña casa vivíamos tres, entón eu teño un certificado colectivo que vivo eu soa, e un certificado colectivo que somos tres; entón están traballando cunha inseguridade..., no meu caso é unha tontería, pero imaxino que isto estará afectando a outros temas e cousas, pero se non queremos velo....

Sra. alcaldesa: esa é unha cuestión global, oito rexistros foron presentados onte en Sede electrónica, incluído o seu..

Sra. concelleira: que sorte..

Sra. alcaldesa: é dicir, houbo oito persoas que si puideron presentar polo rexistro

Sra. concelleira: pois xa lle pasarei toda a información, todas as respostas que me deron... cargar a firma é complicado...

Sra. alcaldesa: sabemos o que custa cargar a firma, o temos sufrido moitas veces e incluso o sufrimos cando estamos todos os días e o están sufrindo os propios traballadores cando non son capaces de seguir cun expediente; polo tanto sabemos que si é certo que necesita mellorar.

Sra. concelleira: vale, entón cando eu queira pedir unha documentación para o Pleno, e a pida en tempo e forma como fago normalmente, eu non o deixo para o último día, e me pase dous días enteiros sentada diante da Sede electrónica a ver se entra e non o consigo, que fago?

Sra. alcaldesa: chame vostede ao concello, señora concelleira..

Sra. concelleira: e falo con vostede?

Sra. alcaldesa: non, non, a min non fai falta que me chame porque ao mellor non lle podo resolver o seu problema concreto.

Sra. concelleira: e a quen chamo? Quero saber a quen chamo...

Sra. alcaldesa: ten a opción de soporte tamén na propia Sede electrónica...

Sra. concelleira: é a que utilicei, é que outra non funciona, a mirei de todas formas...

Sra. alcaldesa: señora concelleira vostede o que quere é que nos saltemos a Lei...

Sra. concelleira: non, eu non quero que se salte a Lei, eu quero que se teño un problema, que está xustifico que non podo entrar na Sede electrónica poder presentalo doutra maneira.

Sra. alcaldesa: é unha moción, votamos.... votos a favor de que incumpramos a Lei...

Sra. concelleira: votamos, pero supoño que os demais poderán falar e argumentar...



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sr. voceiro do PP: no meu caso si que tiven problemas para rexistrar algunha solicitude por vía telemática mediante clave. Neste sentido non sei se algunha pequena formación ou algunha guía que nos puidera explicar un pouco cal é o funcionamento desta Plataforma que para moita xente, e para min en concreto, é nova.

Sra. alcaldesa: acabamos de aprobar unha RPT na que nós mesmos conscientes desas modificacións e deses problemas e a propia proposta aí o dicía, a nova Lei nos mete a nós en problemas importantes tamén, é dicir, a Lei de Administración electrónica estará moi ben cando todo funcione e incluso cando non teñamos expedientes en papel.

Se para vostedes agora é problemático, non lles quero dicir os problemas que está dando continuamente aos traballadores e traballadoras, non de Bergondo, porque non é unha cuestión específica de aquí, hai concellos onde xa vai un pouco mais avanzado, hai concellos onde vai moitísimo menos avanzado que aquí en Bergondo, e aínda así todos temos que cumprir a normativa.

Non creo que sexa necesario un tutorial, o que é necesario é simplemente ter unha configuración do equipo informático axeitada para esa tramitación, e despois si que é certo que o volume de documentación que se estea presentando habitualmente fai que polas mañás un teña mais difícil presentar calquera documentación como adoita pasar en moitas Administracións onde hai moita xente utilizando as mesmas Plataformas, que xa digo, Plataformas que teñen que mellorar moitísimo, nós o estamos sufrindo a diario, os traballadores e traballadoras continuamente están tendo algunha problemática, e incluso por moita formación que se está dando non é suficiente, e iso é certo, pero temos que cumprir a normativa.

Sra. voceira de VB: pois se lle parece á concelleira que fai a proposta, poderíamos chegar a un entendemento no punto medio, que sería, sen deixar de cumprir a Lei, que teñamos que presentar como ten que facer toda a poboación pola Plataforma, pero no momento...

Sra. alcaldesa: non é toda a poboación..

Sra. voceira: os particulares si que o poden facer por papel aínda, pero todo se andará; na medida que nós si que estamos obrigados como entidades xurídicas sería intentalo e para o caso de que en última instancia, como último recurso, non teñamos esa posibilidade, nese momento non estea operativa, a copresentación desas alegacións, ou escrito, ou preguntas, rogos, mocións, en papel acompañado do xustificante de non podelo facer por vía telemática e que se nos teña por presentado....

Sra. alcaldesa: pero iso xa ten que ser ao día de hoxe, para vostedes e incluso para algunha..., ante unha imposibilidade física, si que é certo que existe esa opción, pero iso non quere dicir que poida ser xeneralizado.

Sra. concelleira non adscrita: eu, se me permiten, non é que non poida anexar documentos á miña solicitude, o problema é que non podo xerar un documento no que eu demostre que estiven na Sede electrónica, porque non me deixa chegar ao final; eu non podo xerar ningún tipo de documento para poder vir aquí e dicirlle, non puiden e aquí o traio en papel; a non ser que lle quite o *pantallazo* ao meu ordenador, e lle quite vinte *pantallazos*, é o único.

Pola miña parte non hai ningún problema, eu non estou dicindo que con carácter xeral, porque para min é moitísimo mais cómodo sentarme na miña casa e xerar un documento que vir aquí.

Sra. alcaldesa: si, está claro...

Sra. concelleira: moitísimo mais cómodo, e creo que fun dos primeiros dos aquí sentados que pedín que nos relacionáramos electrónicamente, vía mail, pedín que na páxina web aparecera unha caixiña para os concelleiros, para que puideramos obter aí a información; e non quero incumplir a Lei, o único que digo é que se isto non funciona e non hai maneira de amañalo, porque os tutoriales que pedía o portavoz do Partido Popular, eu os teño todos, o da páxina da Deputación, o de Internet Explorer, o do Mozilla, teño todo; o meu ordenador está absolutamente preparado para funcionar, pero hai un montón de incongruencias, se vostedes o fixeran persoalmente o verían...

Sra. alcaldesa: o teño feito....



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. concelleira: pero estoulle dicindo que cando me está a falar dunha información que di que a páxina está mal configurada....; déixolla para que o vexa, aí o pon, está configurada de maneira incorrecta, eu non o inventei...., isto está impreso. Pois é o que pido que se mire, ao mellor hai un erro de configuración da páxina web do concello....

Sra. alcaldesa: non é a páxina do concello, isto é unha sede electrónica global, non é unha cuestión municipal

Sra. concelleira: seino..., pero sede.bergondo.es, isto é Bergondo, non?

Sra. alcaldesa: a Sede electrónica é unha cuestión moito mais ampla, incluso se lles di moitas veces que presente..., e de feito ao día de hoxe xa na propia páxina aparece que presenten polo Rexistro electrónico común....

Sra. concelleira: tamén...

Sra. alcaldesa: que adoita funcionar mellor...

Sra. concelleira: efectivamente...

Sra. alcaldesa: que a do Estado adoita funcionar mellor, e aínda así tamén dou fe de que non sempre funciona, e de feito fun testigo cando hai moi pouco un provedor do concello querendo presentar unha documentación, incluso dende o equipo no que eu habitualmente traballo, tampouco foi capaz de presentalo, nese momento o botaba fóra da Plataforma; non é unha cuestión municipal, xa digo, é unha cuestión que nos afecta a todos, son as Plataformas electrónicas do Estado, Plataforma electrónica da Deputación..., é dicir, que temos que esixir que funcionen mellor? e que iso é o que estamos diariamente insistindo, por suposto, en canto, unha vez mais repito, ante unha imposibilidade van poder vostedes presentalo en papel.

Sra. concelleira: pois é o que dixen dende o principio, en tanto non estea resolto o problema...

Sra. alcaldesa: é que esa non....

Sra. concelleira: pois dáme igual, ante unha imposibilidade, e llo cambio, de que non se poida presentar e eu o poida xustificar, que me sexa admitido por Rexistro e se me dea resposta por correo electrónico ou como vostedes queiran, ou co *pen drive* cando veña aquí mo copian, como vostedes queiran, pero quero poder ter outra opción que non sexa a Sede electrónica cando esta non funciona, iso é o que quero.

Sra. alcaldesa: a Sede electrónica non é que non me funcione un día...

Sra. concelleira: non, non é que non me funcione un día; mire, teño correos con persoal do concello, con persoal da Deputación, facendo preguntas, intentando que funcione, llo digo de verdade creo que ninguén perdeu mais tempo coa problemática da nosa Sede electrónica que eu, llo podo asegurar.

Sr. voceiro de Son de Bergondo-Anova: simplemente dicirlle a señora concelleira que si que somos conscientes do problema e si que nos importa o problema; dicía vostede pouco menos que non. En menos medida nós que os traballadores e traballadoras que teñen que lidiar mais a diario co tema, pero nós tamén temos todas as problemáticas que está dando isto a diario, certo.

Sra. alcaldesa: polo tanto se a moción se reformula para unha cuestión puntual si que non teremos problema en aprobala, pero non como unha cuestión xenérica.

Sra. concelleira non adscrita: pois a moción se reformula; cando eu poida xustificar ou demostrar que a través da sede electrónica en tempo e forma non se sexa capaz de presentar unha documentación, esta será admitida en formato papel polo rexistro normal.

Sra. alcaldesa: vou expoñer outra dúbida, vostede pode ter hoxe o problema pero non mañá, se me ven hoxe co problema..., o problema ten que ser continuado, insisto ten que estar continuado, porque persoalmente o que non podo nun día o teño que intentar ao día seguinte.

Sra. concelleira: vale...

Sra. alcaldesa: e ao día seguinte tamén, é dicir, non esperar para o último día. E lle poño os exemplos nosos nas Plataformas da Xunta, nas Plataformas do Estado, onde nos xogamos precisamente cumprir con prazos e onde non me vale dicir, e que no momento en que me conectei non me funcionaba, que mo admitan por papel.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Polo tanto xa digo, terá que ser unha cuestión totalmente accesoria e onde si que é certo que non haxa outra opción de non presentala noutro momento.

Sra. concelleira: vale, pois se quere lle traio cinco pantallazos, dez, de diferentes días, horas....

Sra. alcaldesa: non imos insistir mais no tema, de todas formas esta será unha moción que sairá aprobada pero en todo caso cunha cuestión de temporalidade.

Sra. concelleira: iso espero...

Sra. alcaldesa: e que dentro duns meses vostedes non poderán dicir, é que aprobamos unha moción que dicía isto e o sigo presentando en papel.

Sra. concelleira: non vai ser o caso, creo eu.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobada por **unanimidade** a moción, que devén en acordo nos termos antes transcritos.

### 6. ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para a os rogos e preguntas; ningún grupo presentou escritos no Rexistro Xeral para esta sesión.

A Sra. voceira de Veciños de Bergondo manifesta que ela tamén tivo problema coa Sede electrónica e quere facer unha pregunta, que ademais levaría aparelado un rogo:

*¿Porque está vostede utilizando un listado de persoal laboral interino que leva caducado, vai facer xa dous anos? Dende o ano 2016.*

Sra. alcaldesa: iso si llo podo contestar agora, porque tampouco temos tempo nin persoal para poder estar facendo outro proceso mais de selección, por unha falta de tempo igual que con outros procesos.

Sra. voceira: pero vostede dáse conta de que a xente...

Sra. alcaldesa: eu doume conta de que estou utilizando un listado caducado, e aínda así nos propios informes, se vostede se dá conta e os lee...

Sra. voceira: si, precisamente.

Sra. alcaldesa: verá que dende a mesma Secretaría se di que non se pode tampouco agora poñer cun proceso novo de selección, o di talmente, o di así de claro, porque non hai tempo porque estamos cun volume de traballo moi importante onde efectivamente non hai opción aínda a iso; que é unha cuestión que temos que resolver? Como tantas.

Sra. voceira: falase de que non está declarada a caducidade, iso é o que se manifesta tamén. Hai urxencia e non está declarada a caducidade, entón tiro dunha lista de xente que hai dous anos se seleccionou, que agora xa non sei se teñen as mesmas capacidades, se teñen as mesmas dispoñibilidades, se serven para o posto ou non...

Sra. alcaldesa: por suposto que serven para o posto, son persoal que aprobou unha oposición nese momento...

Sra. voceira: naquel momento estaba preparado para unha proba que vostede non sabe se despois de dous, tres, catro ou cinco anos..., porque leva dous, pero que vai esperar seis mais, canto tempo vai esperar?



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Sra. alcaldesa: señora concelleira, rematamos xa; a miña intención é facelo o antes posible, porque como comprenderá non quero ter informes en contra, pero aínda así, lle repito, que ante a cuestión de poder ter unha opción, si que por suposto tiro desa, é a opción menos mala, e senón quedámonos sen persoal en determinados...

Sra. voceira: faga vostede o proceso...

Sra. alcaldesa: é que eu non o podo facer...

Sra. voceira: pois ordene que comece o proceso...

Sra. alcaldesa: pois se o ordeno deixamos de facer outros procesos, nada mais que iso.

Sra. voceira: o rogo que vai aparelado coa pregunta é que inicie o proceso de caducidade desa lista, por favor.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e do secretario, que dá fe.

O secretario

Federico Suárez Cancelo

V. e pr.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez